



CAMPO DE VOLUNTARIADO "TRADICIÓN EN VERDE" (LALÍN – PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
1-12/08/2025	18-30	Estatal	Arqueolóxico, etnográfico e medioambiental	15



LOCALIZACIÓN

Este campo de voluntariado realízase no concello pontevedrés de Lalín, a 50 km de Santiago de Compostela.

En Lalín hai uns trinta castros que evidencian a prehistoria local, e tamén hai unha ducia máis de topónimos que amosan que houbo asentamentos semellantes, pero xa desaparecidos. Consérvanse, ademais, un centenar de mámoas, anteriores á época castrexa. Nun destes castros é onde se fará este campo de voluntariado.

DESCRICIÓN DO CAMPO

"Tradición en verde" conta con tres vertentes de traballo que van unidas da man:

- Un compoñente ambiental: labores de limpeza das marxes do río Asneiro, sinalización e limpeza da Ruta dos Muíños e da Ruta Prehistórica de Doade e acondicionamento da área recreativa do museo "Casa do Patrón".
- Un compoñente etnográfico: labores de divulgación da cultura tradicional galega a través das actividades do museo "Casa do Patrón", con participación en labores puntuais como a sega tradicional, a catalogación dos fondos do museo e a elaboración de material divulgativo como guías didácticas ou paneis informativos.



- Un compoñente arqueolóxico: coa consolidación da campaña de escavación e catalogación de pezas do Castro de Doade. Realizaranse labores de axuda na escavación da mámoa A Pena do Santo que consistirán, maioritariamente, na sigladura das pezas atopadas e na limpeza da área do castro.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Visitas:

- Guiada á vila de Lalín
- Embalse de Portodemouros
- Fraga de Catasós
- Excursión ás Rías Baixas: Parque Natural de Corrubedo e praia do Vilar (Ribeira)

Actividades deportivas:

- Canoa – caiaç
- Iniciación á hípica
- Piscina fluvial en Vilatuxe

Outras:

- Obradoiros de cesteiría
- Xogos de xeolocalización con XPS
- Xogo de escape en Lalín
- Baile, danzas e veladas de lendas tradicionais galegas

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo

ALOXAMENTO

Albergue Xuvenil Municipal Vicente Agulló, situado na parroquia lalinense de Vilanova, na Finca Mouriscade.

mouriscade.depo.gal/instalaciones

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día do campo de voluntariado a partir das 16.00 h no albergue municipal.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COMO CHEGAR

- Santiago de Compostela dista 50 km de Lalín. Pódese chegar por estrada con monbus.es ou en tren.
- Dende A Coruña pódese viaxar con arriva.gal directamente a Lalín. Outra posibilidade é viaxar vía Santiago de Compostela con monbus.es ou combinando tren (A Coruña – Compostela) e bus. Dende Vigo, por estrada a Lalín con monbus.es.
- O servizo de bus Ourense – Lalín faíno tamén monbus.es
- A estación de tren de Lalín, que ten conexión desde Santiago e Ourense, sitúase na parroquia de Botos.



COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuídores do Carné xove, título de familia numerosa, familia acollidora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Saco de durmir
- Útiles de aseo, toalla de ducha e praia, chancletas
- Calzado apropiado para as actividades e mochila pequena
- Roupas cómodas para actividades, roupa de abrigo (en caso de choiva)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Vigo: campos-pontevedra.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude

